



XI REGATA DE VELA LIXEIRA “RÍA DE FERROL”.

**REGATA AUTONÓMICA.
CLASES OPTIMIST E ILCA.**

3 e 4 de Xullo de 2021.

ANUNCIO DE REGATA.

A XI Regata de Vela Lixeira "Ría de Ferrol" para as clases Optimist e ILCA celebrarse en augas da Ría de Ferrol os días 3 e 4 de xullo de 2021, organizada pola *Sección de Vela Lixeira da A.R.C.D. Grupo Bazán de Ferrol*, e co patrocinio da *Concellería de Deportes de Ferrol*.

1.- REGLAS:

1.1.- A regata rexeráse por:

1. As regras de regata tal e como veñen definidas no Regramento de Regatas a Vela da WS 2021-2024 (R.R.V);
2. As prescricións das Reales Federacións Española (RFEV) e Galega de Vela (RFGV), en especial, o Regramento de Competicións e o Sistema de clasificacións da RFGV.
3. As Regras das clases participantes.
4. O presente Anuncio de Regatas.
5. As Instrucións de Regata.
6. Para todas as regras que rexen neste evento a anotación [NP] fai referencia a que unha infracción desta regra non será motivo de protestas entre embarcacións. (Modifica a Regra 60.1(a) do RRV). Igualmente, para todas as regras sinaladas coa anotación [DP] poderán ser penalizadas polo Comité de Regatas ou o Comité de Protestas á súa discreción coa penalización que estimen convinte para cada caso.
7. O protocolo FISICOVID-19 da Real Federación Galega de Vela será de aplicación en todo momento. (Ver Anexo I). [NP][DP]
8. A regra 40 do RRV (Flotación Personal) será de aplicación en todo momento mentres se estea a frote, sin necesidade de que se dea ningunna sinal. (Modifica o preámbulo da Parte 4 e a regra 40 do RRV). [NP][DP]
9. A regra 47 do RRV ampliarase a todas as instalacións do club e zonas de varada (Modifica a RRV 60.1.b y 62.1 non sendo motivo para solicitar unha reparación).

En caso de discrepancia entre o presente Anuncio de Regata e as Instrucións de Regata, prevalecerán éstas últimas.

1.2.- Aplicarase a Regra 67 do R.R.V. e o apéndice P do citado regramento.

2.- PUBLICIDAD: [NP] [DP]

- 2.1 . Os *participantes* na regata poderán exhibir publicidade de Categoría C dacordo coa regramentación 20 da WS, o regramento de Competicións da RFEV e as prescricións da RFEV a dita regramentación.
- 2.2 . Poderá esixirse aos participantes a exhibición de publicidade conforme al apartado 20.3. d (i) da regramentación 20 da WS que, no seu caso, proporcionaranse pola Autoridade Organizadora.

3.- ELEXIBILIDAD:

- 3.1 . Os participantes deberán cumprir os requisitos de elexibilidade reflexados na regramentación 19 da WS, e nas prescricións da RFEV a dicha regramentación.

4.- CLASES ÁS QUE SE DESTINA A COMPETICIÓN:

1.- Clase **Optimist**: Categorías **Sub-16 y Sub-13**.

Sub-16 – Regatistas de 13, 14 y 15 anos de idade.

Sub-13 – Regatistas de 12 ou menos anos de idade.

(Regatistas que no ano 2021 cumpoliran ou vaian cumprir as idades sinaladas).

2.- Clase **ILCA**: Nas súas 3 modalidades: 4, 6 y 7.

5.- INSCRIPCIÓNS:

5.1.- Pre – Inscripción:

5.1.1 As pre-inscripcións formalizaranse necesariamente a través da plataforma oficial da Federación Gallega de Vela, ESCORA, **antes do día 01/07/2021**, na seguinte dirección web:

<https://www.rfgvela.es/escora/regatta/entries/xi-regata-de-vela-ligera-ria-de-ferrol>

5.1.2 O Comité Organizador reservase o dereito de admitir as inscricións que se reciban despois da data límite de pre-inscrición, así como que non se poderá garantir os regatistas que sobrepasen dita data límite os avituallamentos e demais condicións lóxicas que ofrece a organización.

5.1.3 O Comité Organizador **podrá esixir a presentación de documentos para xustificar os datos do boletín de inscrición formalizado polo regatista (en especial, a licenza federativa en vigor para o ano 2021 e o D.N.I. para acreditar a data de nacemento).**

5.2 Confirmación da inscrición

5.2.1 O armador, patrón ou responsable de cada barco ou de cada club (para o caso de inscrición colectiva), deberán, **obrigatoriamente**, confirmar aa preinscrición realizada e firmar persoalmente o Formulario de Rexistro na Oficina de Regatas antes das **12:00 horas do día 03/07/2021**.

5.2.2 O Rexistro queda condicionado á presentación, antes da hora sinalada, da licenza federativa de 2021.

6.- PROGRAMA:

O programa será o seguinte:

<u>DATA</u>	<u>HORA</u>	<u>ACTO</u>
03/07/21	10:00 horas.	<ul style="list-style-type: none">• Apertura da Oficina de Regatas.• Rexistro de participantes• Reunión Entrenadores y Patróns
	10:00 a 12:00 horas.	
	12:15	
03/07/21	14:30 a 19:30 horas.	Probas. Sinal atención 1ª proba 14:30.
04/07/21	11:00 a 14:30 horas.	Probas. Sinal atención 1ª proba 11:00.
04/07/21	17:00 horas.	Entrega de Trofeos e Ágape.

Non se dará ningunha saída mais tarde das 14:30 do día 04/07/2021, salvo como consecuencia dunha chamada xeral previa.

7.- FORMATO DE COMPETICIÓN Y RECORRIDOS:

- 7.1 Hay programadas **6 probas (3 probas por día)**, das cuales deberá de completarse unha para a validez de la regata.
- 7.2 Navegarse polo sistema de frota.
- 7.3 Os recorridos a realizar especificaranse nas instrucciónes de regata.

8.- MEDICIÓN.

- 8.1.** Podranse efectuar inspeccións de equipamento por parte de delegados do Comité de Regatas a todas as embarcacións, palos, velas ou calquera tipo de accesorio permitido e igualmente aos equipos personais de patróns e tripulacións.
- 8.2.** A responsabilidade de acudir a esta regata habendo previamente actualizado o seu Certificado de Medición, e dicir, habendo medido o material co que pretenda participar é, exclusivamente, do patrón inscrito.

9.- PUNTUACIÓN:

Aplicarase o Apéndice A e o Sistema de Puntuación Baixa descrito na regra A 4.1 do RRV.

10.- CLASIFICACIÓN:

- 9.1. As clasificacións confeccionaranse dacordo có establecido nas Regras do Apéndice A do R.R.V.
- 9.2. Haberá unha clasificación xeral para a clase Optimist e unha para cada unha das modalidades da clase ILCA.

11. COMUNICACIÓN:

- 11.1. o Taboleiro Oficial de Avisos está localizado na web ESCORA, na seguinte dirección:

<https://www.rfgvela.es/escora/regatta/toa/xi-regata-de-vela-ligera-ria-de-ferrol>

- 11.2. Complementarase cun grupo de WhatsApp como medio de difusión (este grupo non será vinculante) e que se distribuirá na reunión de entrenadores e patróns.

12.- SEGURIDADE:

Será responsabilidade do armador, patrón ou responsable de cada barco cumprir coas normas legais previstas para as embarcaciones de lecer, tanto con carácter xeral como en especial para o seu goberno, despacho e seguridade.

13.- PREMIOS:

Haberá premios, como mínimo, para los 3 primeiros clasificados de cada categoría, cuando haxa 5 ou máis participantes na categoría. En outro caso haberá un premio por categoría.

14.- ATRAQUES:

Os barcos cuia inscrición sexa aceptada nesta regata terán unha praza de varada nas instalacións náutico-deportivas municipais da Cabana – Ferrol.

A entidade organizadora reservase o dereito de asignar ás embarcacións os postos de varada por riguroso orden de inscrición, en función do seu tamaño.

15.- RESPONSABILIDADE:

Todos os que participan na regata o fan baixo o seu propio risco e responsabilidade.

O Comité Organizador ou calquera persoa ou organismo involucrado na organización do evento, rexeita responsabilidade algunha por perdas, danos, lesións ou molestias que puideran acaecer a persoas ou cosas, tanto na terra como no mar, como consecuencia da participación nas probas amparadas por este anuncio de regata.

Chámase a atención sobre a Regra Fundamental 4, DECISIÓN DE REGATEAR, da Parte 1 do RRV que establece:

"É da exclusiva responsabilidade dun barco decidir si participa nunha proba ou continúa *na regata*".

16.- MANUTENCIÓN.

A organización proporcionará a todos os regatistas e entrenadores bolsas de picnic (bocadillo, fruta e auga) os días 3 e 4 de xullo.

NOTA MUY IMPORTANTE: O dereito a participar na manutención referida vai ligado a que aa pre-inscrición de regatistas e entrenadores conste en poder da organización na data sinalada de 01/07/2021.

17.- ACTOS SOCIAIS / ENTREGA DE PREMIOS:

16.1 O Acto de Entrega de Trofeos da **XI REGATA DE VELA LIXEIRA "RÍA DE FERROL"**, terá lugar nas instalacións náuticas municipais da Cabana.

18.- CESIÓN DA IMAXE:

Todos os participantes, armadores, patróns e tripulacións haberán de comprometerse a ceder os dereitos de imaxe de calquera tipo aos Patrocinadores e á Sección de Vela Lixeira da A.C.R.D. Grupo Bazán de Ferrol, para o seu uso perpetuo e libre, e incluso para a súa posible difusión nos medios de comunicación social.

19.- MODIFICACIÓN ANUNCIO DE REGATA.

El Comité Organizador resérvase o dereito a modificar o presente anuncio de regata por causa de forza maior.

20.- OUTROS. Persoa de contacto: Alfredo Fernández Soto. Móvil: 0034669211101. E-mail: alfredofsoto@gmail.com ó grupobazanvelalixeira@gmail.com

O Comité Organizador – 05/06/2021.

ANEXO I.-

PROTOCOLO COVID-19 PARA A REGATA [NP] [DP],

A. MEDIDAS COMÚNES A TODA A ACTIVIDADE:

- A1) Establécense como medidas fundamentais a separación interpersoal de 1,5 mts. e/ou o uso de medidas físicas de protección, tal e como establece a normativa, ademáis do lavado de mans constante.
- A2) Os participantes deberán antes de acudir á actividade facerse un AUTOTEST de confirmación de síntomas ¿teño febre, tos ou falta de alento?
- A3) Todos os participantes deberán traer a súa propia mascarilla e o seu propio xel hidroalcohólico para todas as actividades.
- A4) Todos os participantes que teñan calquera síntoma da COVID19 ou estiveran en contacto con algún contaxiado, non poderán acceder ás instalacións nin realizar actividades. Ademáis, deben comunicalo inmediatamente ao responsable técnico da instalación ou competición.
- A5) Será obrigatorio o lavado de mans en todos os accesos das instalacións con xel hidroalcohólico ou xabón, durante alo menos 40 segundos e de forma constante, antes de cada actividade que se realice e despois das mesmas.
- A6) Non estará permitido compartir alimentos nin bebidas entre participantes, usuarios e/ou personal.
- A7) Todos os entrenadores e personal de asistencia na auga deberán levar consigo una máscara FFP2 e un bote de xel hidroalcohólico propio.
- A8) O uso dos vestiarios non é recomendable e usaránse soamente para os casos nos que sexa necesario. Non se permitirá deixar obxectos pessoais nos vestiarios.
- A9) Será obrigatorio o uso de máscara en todas as situacións.
- A10) Deberase prestar especial atención ó resto das medidas para minimizar o risco de contaxio:
 - Toma de temperatura previa á actividade.
 - Lavado de mans frecuente.
 - Non intercambiar posicións nos barcos durante o mesmo día da actividade.
 - Desinfección do material compartido.